



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 –
15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

PROCEDEMENTO: Medidas para Garantizar a Seguridade Pública

ASUNTO: Activación do PEMU

ACTIVACIÓN DO PLAN DE EMERXENCIAS MUNICIPAL

Data de vixencia, Inicio: 4/11/2023

Hora de Inicio: 00:00 horas

En aplicación do Plan de Emerxencias Municipal do Concello de Ponteceso, o alcalde, como director do PEMU, en virtude das competencias que ten establecidas e en base a declaración emitida pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior na cal activa o nivel de alerta vermello por ondas de máis de 10 m e vento en mar de forza 9 e localmente forza 10, así como o nivel de alerta laranxa por vento con refachos de máis de 100 km/h e choiva, e tras convocar o concelleiro de Seguridade e Emerxencias, o concelleiro de Obras, o coordinador de Seguridade, Emerxencias, Protección Civil e GES e o presidente da AVPC de Ponteceso .

En virtude das competencias que e atribúe a lexislación de réxime local , **RESOLVO:**

Primeiro. Declarar a **ACTIVACIÓN DO PLAN DE EMERXENCIAS MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTECESO NA SEGUINTE SITUACIÓN: SITUACIÓN DE PRE-ALERTA, nivel 0.**

Descrición do Risco:

**FENÓMENO METEOROLÓXICO ADVERSO
ALERTA VERMELLA POR FENÓMENOS COSTEIROS
ALERTA LARANXA POR VENTOS E CHOIVAS.**

Ámbito Afectado:

CONCELLO DE PONTECESO

Segundo. Suspender as actividade deportivas no exterior.

Terceiro. Recoméndase seguir as seguintes instrucións:

- Reducir os desprazamentos por estrada. Se é necesario viaxar, extreme as precaucións debido a posibles obstáculos na vía, bolsas de auga e zonas asolagadas.
- Pechar e asegurar portas, xanelas ou toldos para evitar danos nas propiedades e posibles lesións, retirando macetas e todos aqueles obxectos que poidan caer á rúa e provocar un accidente.
- Afastarse de cornixas, muros ou árbores que poidan desprenderse e tomar precaucións ao pasar preto de edificacións en construción ou en mal estado.
- Manterse informado sobre as condicións meteorolóxicas previstas e seguir as indicacións das autoridades.

Cuarto. ESTE AVISO CONSIDÉRASE VÁLIDO ATA A MODIFICACIÓN DO NIVEL DE ALERTA



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 –
15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Quinto . Publicar na páxina web do Concello, redes sociais e comunicar ás entidades deportivas do Concello de Ponteceso.

O Alcalde
Jose Manuel Mato Martínez

A Secretaria (aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018)
Antía Pena Dorado